

BASES XERAIS

CURSO DE “INICIACIÓN AO ALEMÁN II”

1. INFORMACIÓN XERAL

O curso de “*Iniciación ao alemán II*” terá unha duración de 40 horas.

Datas formación: 30 e 31 de xaneiro, 3, 4, 5, 6, 7, 10, 11, 12, 13, 14, 17, 18, 19 e 20 de febreiro.

Horario: 11:00 a 13:30 horas.

Lugar: Aula 1 do Centro Sociocultural - Auditorio de Rianxo

Cota de inscrición: 20 euros

Número máximo prazas: 15 - Número mínimo prazas: 10

2. DESTINATARIOS/AS

Persoas, maiores de 16 anos, interesadas en acadar coñecemento sobre o idioma alemán.

Darase preferencia aos solicitantes estean empadroados no Concello de Rianxo.

3. INSCRICIÓNS

As persoas que desexan participar neste curso deberán cubrir a ficha de inscrición en

- Inscrición en liña en www.concelloderianxo.es/inscricions

O prazo para presentar as solicitudes será **dende o 22 de xaneiro ás 12:00 ata o 26 de xaneiro ás 24:00 horas.**



4. SELECCIÓN

Realizaráse un **test de nivel** entre todos os inscritos, o cal será o luns, **27 de xaneiro, ás 12:00, no Centro Sociocultural – Auditorio de Rianxo**. Entre os participantes que teñan o nivel requerido para o curso, a selección será:

1º Por orde de inscrición entre os que estean empadroados en Rianxo, maiores de 16 anos.

2º Por orde de inscrición, maiores de 16 anos.

5. LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS

O listado definitivo de admitidos publicarase o día 28 de xaneiro na páxina web do Concello de Rianxo www.concelloderianxo.es.

Os admitidos/as terán un prazo de 2 días para facer o abono da cota de inscrición (20 euros), presentando o xustificante bancario no Servizo de Información e Animación Xuvenil. De non recibirse o xustificante o segundo día, chamarase ao seguinte do listado que terá un prazo de 2 días para aboalo.

Tanto no caso de non comezar o curso e non comunicalo por escrito previamente, como de sobrevir na súa participación non se devolverá a cota de inscrición.

6. RÉXIME DE ASISTENCIA E DIPLOMAS

A expedición do diploma supeditase á acreditación dunha presenza mínima do 80% das horas, aínda cando as causas estiveran xustificadas.

Os diplomas entregaranse ao rematar o curso ou serán enviados por correo postal.